

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E
XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN AISGE**

Santiago de Compostela e Madrid

REUNIDOS

Don **José López Campos**, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das competencias atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro e pola Lei 12/2007, de 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, e en uso das competencias atribuídas polo Decreto 146/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, publicado no DOG número 101, de 27 de maio de 2024,.

Don **Emilio Gutiérrez Caba**, con NIF n.º 01.057.314 -G, **dona Isabel Blanco Picallo**, con NIF n.º 32.826.182-F; e **don Abel Martín Villarejo**, con NIF n.º 06.559.088-V, todos eles con domicilio profesional en Madrid (28014), rúa Ruiz de Alarcón, 11, na súa condición respectiva de presidente, patroa e director da Fundación AISGE, con NIF n.º G-83425439 e domicilio social o enriba sinalado, segundo acredítase mediante escrituras outorgadas ante o notario de Madrid, D. Francisco-Javier Monedero San Martín, con datas de 27 de xullo de 2021, co número 2.133 do seu protocolo, e de 24 de xaneiro de 2003, co número 392.

EXPOÑEN

1. Que de conformidade co disposto no Estatuto de Autonomía para Galicia e a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para lograr a plena normalización da lingua galega corresponde ao Goberno de

Galicia, que debe garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para fomentalo.

2. Que ambas as entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas e as institucións nacionais con sede no territorio da comunidade autónoma de Galicia han de colaborar na execución do Plan Xeral de normalización da lingua galega que foi aprobado por unanimidade polo Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, co obxectivo de difundir e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade.

3. Que no ámbito da Administración autonómica galega, correspóndelle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, a promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia e, para abarcar todos os ámbitos sociais, debe buscar a colaboración, na medida do posible, con outras asociacións ou entidades que traballen pola lingua galega dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Que a Fundación AISGE é unha entidade sen fins de lucro que ten entre os seus fins o impulso de accións para a promoción, formación e asistencia social de artistas en nome de AISGE, unha entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual que administra os dereitos de propiedade intelectual e representa artistas no ámbito audiovisual, e a cuxos efectos promoverá ou participará na promoción de cursos, talleres, seminarios ou outros medios de promoción e formación en relación coa profesión artística e a propiedade intelectual.

5. Que a Fundación AISGE desenvolveu un proxecto que considera de gran interese para a divulgación da profesión artística, denominado Taller da Memoria da Escena Española. Este proxecto responde os fins que persegue a Fundación AISGE, destinados á promoción e desenvolvemento de actividades de carácter asistencial en beneficio dos artistas

intérpretes do medio audiovisual, e a un fin formativo, encamiñado a desenvolver actividades de investigación, formación, divulgación e intercambio de coñecementos sobre a profesión artística.

6. Que a Fundación AISGE preveu no seu Plan de Actuación de 2025 organizar cursos-talleres que contribúan á formación dos artistas intérpretes do medio audiovisual e á edición das obras creadas no desenvolvemento do curso o «Taller da Memoria da Escena Española».

7. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación AISGE son conscientes da relevancia do proceso de normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as institucións galegas e aquelas de ámbito nacional con sede no territorio de Galicia, e por iso manifestan a súa vontade de colaborar no ano 2025 na promoción e desenvolvemento da lingua galega.

8. Que ambas as partes acordan subscribir o presente Convenio a fin de regular as relacións que se derivan da colaboración entre as partes asinantes e que someten ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Fundación AISGE para fomentar conxuntamente o uso e o emprego do galego nas actividades, publicacións e demais actividades do Taller da Memoria da Escena Española desenvolvidos nos cursos-talleres da súa sede en Santiago de Compostela, e contribuír ao fomento do uso e defensa da lingua galega na edición en galego dos libros do taller e ao legado duradoiro dos artistas galegos.

O convenio ten así un dobre obxectivo que constitúe un activo inmaterial indudable para Galicia. Por unha banda, fomentar a integración e uso do galego nas actividades desenvoltas no Taller da Memoria da Escena Española e, por outra banda, fomentar a escena galega e a transmisión en galego da obra dos nosos artistas.

Segunda. Proxecto

O Taller da Memoria da Escena Española é unha actividade formativa enfocada aos e ás artistas beneficiarias da Fundación AISGE xubilados e xubiladas, onde o obxectivo é afondar na súa traxectoria vital e artística.

A través da recompilación do material dispoñible (fotografías, recortes de prensa, críticas, programas, etc.), e guiados por un responsable ou coordinador do curso-taller, clasifícase e ordena o anterior, e o resultado incorpórase nun libro de carácter autobiográfico para a súa edición na colección de libros chamada *Memoria de la escena española*. Cada libro está dedicado a un actor e leva o seu nome como título.

Desde os seus inicios, esta entidade realizou un importante labor pola defensa da lingua galega e cara á completa normalización da lingua galega nos ámbitos nos que desenvolve a súa actividade, por iso, é intención da Fundación AISGE coeditar os títulos da edición do Taller da Memoria da Escena Española celebrada en Galicia en castelán e en galego, para facilitar a difusión da actividade artística e cultural da nosa comunidade autónoma.

Terceira. Obrigas da Fundación AISGE

En cumprimento das obrigas derivadas do presente acordo, mediante a sinatura do presente convenio, as partes colaborarán na realización das seguintes actuacións en lingua galega:

- A Fundación AISGE promoverá actos de recoñecemento a artistas que foron referentes no ámbito artístico e cultural e tamén na defensa da lingua galega, realizará actos de presentación dos seus libros para que sirvan de exemplo a outros artistas e para a súa difusión na sociedade galega.
- A Fundación AISGE promoverá a edición en galego en formato papel e, se así se aprobase polo seu Padroado por dispor de financiamento, tamén en formato de audiolibro, dos textos resultantes da edición en Galicia do «Taller da Memoria da Escena Española». É necesario que a nosa cultura e os nosos artistas teñan un referente galego, para non perder a nosa identidade a través da forza das artes audiovisuais, escénicas, e da cultura en xeral.
- A Fundación AISGE encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como facilitar o persoal, os medios e as infraestruturas necesarias que dispón para a súa execución.

Cuarta. Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua colaborará no desenvolvemento das accións obxecto deste convenio de colaboración mediante o asesoramento lingüístico á entidade. Este asesoramento non comporta un incremento de custo para a Administración autonómica e efectúase dentro do marco competencia do fomento do uso do idioma galego no eido social coa finalidade de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.

Quinta. Difusión da colaboración das partes

Nas accións informativas e divulgativas e nas publicacións que se realicen relacionadas coas actividades do presente convenio farase constar, en lugar destacado, a colaboración

das partes, e utilizaranse, cando corresponda, os anagramas de cada unha das entidades aprobadas pola normativa de identidade corporativa.

Independentemente do medio de difusión, calquera das partes comprométese a mencionar á outra parte e ao presente convenio.

Sexta. Financiamento

As actividades obxecto do presente acordo non darán lugar ao intercambio de cantidades económicas entre as partes, sen que ningunha das partes contratantes obteña beneficio ningún.

A titularidade das publicacións e demais materiais realizados ao abeiro do presente convenio será compartida e pertencerá á Fundación AISGE e á Xunta de Galicia. A Fundación AISGE correrá cos gastos da edición dos libros publicados do Taller da Memoria de Escena Española e os seus audiolibros. A AISGE porá a disposición da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e de maneira gratuíta, dez exemplares físicos de cada unha das publicacións realizadas ao abeiro do presente convenio para o seu arquivo e difusión gratuíta.

O uso e difusión das publicacións e audiolibros será gratuíto para as partes asinantes deste acordo. A A Fundación AISGE poderá empregar as traducións para difundir as súas propias actividades fundacionais, en calquera medio ou formato, incluíndo as redes sociais ou as plataformas para a difusión do seu propio contido de acordo cos seus fins de oferta dixital.

Sétima. Xustificación

A Fundación AISGE entregará na data límite do 31 de decembro do ano de publicación dos libros do Taller de Memoria da Escena en Galicia a seguinte documentación:

- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua e cultura galegas.
- Para o control das actividades que se prevén no convenio, a entrega de dez exemplares dos materiais, reproducións ou publicacións relacionadas coas actuacións acordadas.
- Ficha resumo de execución do convenio, na que se indique o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como o número de persoas destinatarias.

A Fundación AISGE proporcionará toda a información que requira a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, no exercicio das súas funcións de supervisión e control ao longo da vixencia deste convenio.

Oitava. Información sobre tratamento de datos de carácter persoal

As partes informan reciprocamente aos intervinientes sobre o tratamento dos datos de carácter persoal que se facilitan con ocasión da firma e execución do presente convenio, de acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais nos seguintes termos.

- a. As partes son responsables do tratamento dos datos persoais que se facilitan no presente convenio, sendo os seus datos de identificación e contacto os consignados no encabezamento do presente.

- b. A finalidade do tratamento é a xestión da relación contractual establecida entre as partes en virtude do presente convenio. A base legal do tratamento é, por tanto, a execución deste convenio de colaboración.
- Ambas as partes comprométense a non divulgar a información e documentación confidencial referente á outra parte da que tivesen coñecemento por razón da execución do presente contrato, salvo as indispensables para o seu cumprimento, e a mantela en segredo, mesmo despois da finalización deste, agás co previo consentimento por escrito da outra parte.
- c. Os datos persoais non se cederán ou transferirán a terceiras persoas, salvo obriga legal ou que resulte necesario para o cumprimento do presente convenio (por exemplo, administracións públicas, entidades aseguradoras ou entidades bancarias).
- d. Os datos persoais conservaranse durante todo o tempo de duración do convenio. Unha vez transcorrido o devandito período de tempo, os datos poderán manterse bloqueados se así fose necesario para o cumprimento das obrigacións legais das Partes ou a xestión de posibles reclamacións relacionadas co contido do presente convenio ou o tratamento de datos.
- e. As partes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, así como calquera outros dereitos que lle recoñeza a lexislación vixente, de forma gratuíta, dirixíndose por escrito ás direccións establecidas no encabezamento do presente convenio ou ben remitindo unha mensaxe de correo electrónico a privacidad@fundacionaisge.es (no caso da Fundación AISGE) e ou para exercer os seus dereitos de acceso e rectificación de datos persoais na Xunta de Galicia, pode utilizar o procedemento PR004A na sede electrónica da Xunta, ou presentar unha solicitude por escrito nunha das oficinas de atención á cidadanía.
- f. As partes terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es), especialmente cando non obtivesen satisfacción no exercicio dos seus dereitos.

Novena. Utilización da lingua galega

Todas as actuacións e actividades que se realicen ao amparo do presente convenio deberán realizarse de conformidade co indicado nas normas ortográficas e morfolóxicas vixentes da lingua galega, aprobadas pola Real Academia Galega en 2003, segundo o establecido na disposición adicional da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, terase especial coidado en respectar estritamente a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Décima. Vixencia do convenio

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con, polo menos, un mes de antelación.

Décimo primeira. Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento deste convenio crearase unha comisión de seguimento composta por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua e dous representantes da Fundación AISGE, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver as dúbidas que poidan xurdir na súa execución, podendo ser asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido terán inmediata execución.

Décimo segunda. Causas de resolución

Este acordo resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se completen as accións acordadas.

Décimo terceira. Modificación do convenio

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a Fundación AISGE, quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio ou a súa execución temporal. Informará puntualmente á Secretaría Xeral da Lingua. Os cambios e modificacións, instrumentarase mediante a correspondente addenda.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades contempladas no presente convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización e promoción da lingua e cultura galegas.

Décimo quinta. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e mais o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo sexta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun usuario e clave no servizo Chave365 ou cun certificado electrónico de persoa física ou xurídica asociado ao NIF da persoa destinataria. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a que acceda ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de 11 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais.

Tamén será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal [artigos 2 a) e b) e 7, apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei].

Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións.

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015) e, ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia (DOG núm. 214, do 5 de novembro de 1999).

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que poidan xurdir da aplicación do presente convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan este convenio.

**O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
José Carlos López Campos**

**O presidente de Fundación AISG
Emilio Gutiérrez Caba**

**A patroa da Fundación AISGE
Isabel Blanco Picallo**

**O director da Fundación AISGE
Abel Martín Villarejo**

